

## CALENDARIO PARA A ELECCIÓN DE REPRESENTANTES NO CONSELLO ESCOLAR (NOV./DEC. 2024)

*Segundo a Resolución do 10 de setembro de 2024 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.*

<b>PROCEDEMENTO PRELIMINAR</b>	
<b>11 outubro</b> (venres)	Publicación no taboleiro de anuncios do Centro da data e hora no que se procederá ao sorteo público para a designación dos membros da Xunta Electoral. ( <i>Artigo 30 do Decreto 92/1988 segundo redacción dada polo Decreto 324/1994; DOG do 9 de agosto</i> ). Envío de circular aos pais e nais anunciando dito sorteo.
<b>14 outubro</b> (luns)	Sorteo público, ás 14:30 h, para a designación dos membros da Xunta Electoral (Titulares e Suplentes). Segundo o resultado anterior, envío de citacións para a constitución da Xunta Electoral.
<b>29 outubro</b> (martes)	<b>Primeira reunión da Xunta Electoral</b>
<b>CALENDARIO DE ACTUACIÓNS</b>	
<b>29-outubro</b> (martes)	Publicación nos taboleiros de anuncios: Dos censos electorais do profesorado o dos pais/nais ou titores/as legais do alumnado. Das convocatorias de eleccións nos distintos sectores educativos. Do período de reclamación aos censos: ata o 6 de novembro de 2024. Solicitude ao Concello e a ANPA de designación dos seus representantes.
<b>30 outubro</b> (mércores)	Envío de circular ás nais/pais ou representantes legais do alumnado coa convocatoria do seu sector.
<b>Do 4 ao 6 de novembro</b> (venres/mércores)	Presentación de candidaturas aos distintos sectores: Na secretaría do centro estarán a disposición dos/-as candidatos/-as as solicitudes para presentarse á elección.
<b>05 novembro</b> (martes)	Envío de convocatoria para a celebración da segunda reunión da Xunta Electoral. Envío de convocatoria de Claustro informativo para o día 7 de novembro, xoves ( <i>Art. 35 do Decreto 92/1988</i> ).
<b>11 novembro</b> (Luns)	<b>Segunda reunión da Xunta Electoral:</b> <b>Sorteo público para designar catro representantes dos pais/nais, e os seus suplentes, para formar a mesa electoral que se constituirá o día das eleccións.</b>
<b>12 novembro</b> (martes)	<b>Reunión do Claustro de mestres/as</b> ( Lectura de normas, relación de candidaturas, acordo de convocatoria de Claustro Extraordinario para a elección do profesorado para o martes 19 de Novembro)
<b>12 novembro</b> (martes)	Comezo das distintas campañas electorais. Envío de: Circular ás familias anunciando as candidaturas do seu sector. Citacións para a constitución das distintas mesas electorais.
<b>15 novembro</b> (venres)	Envío aos pais/ nais ou titores/-as legais do alumnado dunha circular recordatorio do día das votacións do seu sector.
<b>19 novembro</b> (martes)	<b>VOTACIÓNS:</b> <b>Pais/ nais e titores legais do alumnado: de 9:30 h a 16:30 h.</b> <b>Profesorado: 17:30 h (Claustro de carácter extraordinario)</b> Cada mesa, finalizada a votación correspondente, procederá ao escrutinio público dos votos, redactará e publicará a acta dos resultados.
<b>20 novembro</b> (mércores)	<b>Terceira e última reunión da Xunta Electoral:</b> Proclamación e publicación de candidatos/as electos/as.
<b>26 de Novembro ou 3 de Decembro</b> (martes)	<b>Constitución do novo Consello Escolar do centro, segundo o art. 52 do Decreto 92/1988, do 28 de abril modificado polo Decreto 324/1996 do 26 de xullo:</b> Constitución do Consello. Designación dos membros que van a constituír a comisión económica, de biblioteca, de convivencia e de comedor escolar. Designación da persoa responsable de impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres. ( <i>Art. 126.2 da LOMCE</i> ).
Antes do 12 de decembro (8 decembro)	Envío á Xefatura Territorial do informe que se publica como anexo II á Resolución do 10 de setembro de 2024.